

ANUNCIO

Proceso selectivo para a formación dunha lista de agarda para a cobertura provisional de postos de técnico/a superior en comunicación (A1-Nivel 22)

O tribunal cualificador do procedemento selectivo que se cita no encabezado, en data 2 de agosto de 2023, **ACORDOU**:

1º. Resolver as alegacións ao primeiro exercicio da fase de oposición formuladas polos aspirantes no senso que se indica:

a) Alegacións de dona Lara Pazo Ruibal, dona Silvia Roca Baamonde de dona Noelia Antelo Varela á corrección da pregunta nº 5: estímase as alegacións. Revisado o exercicio advertiuse un erro de transcripción da resposta correcta desta pregunta. Ademais mesmo, o art. 15 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece no seu derradeiro parágrafo que *"a condición de veciño se adquire no mesmo momento da inscrición no Padrón"*. Por outra banda, o concepto de *"habitantes temporais"* empregado na opción de resposta "b" non existe na normativa aplicable en materia de poboación municipal.

En consecuencia, procede, así mesmo, revisar a corrección do primeiro exercicio da fase de oposición e aprobar a súa puntuación definitiva.

b) Alegación de dona Silva Roca Baamonde á pregunta nº 20: desestímase a alegación. Non pode considerarse, como sostén a interesada, que a opción de resposta "a" tamén é correcta pois a lectura e entendemento conxunto do enunciado e da opción de resposta "a" evidencia que esta última refire non só unha posible finalidade do márketing cultural senón tamén outro aspecto netamente diferente e independente do anterior como é a identificación da demanda cultural e un traballo de definición dunha correcta programación cultural sobre a que, *a posteriori*, desenvolver plans específicos de intervención comunicativa e/ou márketing. Pola contra, a opción "b" dá unha resposta válida e precisa e recolle unha definición acaída e axustada á cuestión suscitada da finalidade do márketing cultural en termos xerais.

Doutro lado, o enunciado da cuestión non se refire á definición de estratexias ou técnicas do márketing cultural, contra o alegado pola aspirante.

Por estes motivos, a resposta "a" non pode considerarse válida.

2º. Revisar, de conformidade co acordado no apartado anterior, a avaliación do primeiro exercicio da fase de oposición, aprobar a súa puntuación definitiva e declarar que superaron o exercicio os aspirantes que se relacionan de seguido:



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

Aspirante	DI	Puntuación
SILVIA ROCA BAAMONDE	473****57F	46
DANIEL VEIRA FERRIN	473****81S	44
VANESA RUT SISO CALVO	533****62C	44
EVA VÁZQUEZ SALGUEIROS	448****86Q	42
LARA DOPAZO RUIBAL	531****80F	42
CELIA PARRA DIAZ	444****47K	40
MIGUEL GOMEZ LONGO	715****44Q	38
NOELIA ANTELO VARELA	473****13V	38
ALBERTO GONZÁLEZ CHAO	327****31J	36
CLAUDIA NEIRA EXPÓSITO	346****00Q	36
CRUZ DEVESA BOUZÓN	787****96W	36
ELENA VERES OJEA	335****58G	36
JULIA GONZALEZ YANEZ	355****96S	36
MARIO PRADO ALVAREZ	335****76P	36
RAQUEL VARELA PEDREIRA	793****98P	36
SILVIA CASTIÑEIRAS PORTOS	448****60D	36
ANA MARIA GOYOS LOPEZ	339****92R	34
MARIA JOSE IMIA VAZQUEZ	793****00M	34
MARTA MARIA RODRIGUEZ VALEIRO	531****18Q	34
PABLO RODRIGUEZ CASTRO	394****53W	34
JULIO CÉSAR CARRACEDO POSE	328****79B	30

3º. Declarar a todos os aspirantes que superaron o primeiro exercicio da fase de oposición como "aptos" na proba sobre coñecemento do idioma galego ao ter acreditado ese coñecemento coa achega do certificado Celga 4.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O secretario do tribunal

José Manuel González García.